

ÁMBITO

Localidade	Viana do Bolo
Comarca	Monterrei
Lugar de realización	Sede do BNG

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	18
Nº de non militantes asistentes	
Nº de militantes convocad@s	

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local	Responsábel Local
Representante do Consello Nacional	Bieito Lobeira

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	90'
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Clásica, en círculo.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Moi positiva. Participativa e en ton construtivo. Intervencións tamén de persoas non militantes.

Número de persoas que interviron: 10.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

Con carácter xeral:

- * O BNG ten un problema de comunicación.
- * É esencial manter a unidade no BNG.
- * Lastre do pasado (cousas mal feitas -outras ben- no goberno da Xunta).

PROPOSTAS PARA O DEBATE

- * As divisións e liortas debilitan o BNG.
- * O BNG sofreu un golpe en Amio, mais os problemas xa viñan de atrás.

Radiografía da Galiza de hoxe

- * Potente e acelerado proceso de desgaleguización da sociedade, especialmente na mocidade. As cidades de hoxe non son as de hai 15 anos. O galego é residual no ámbito urbano.
- * Mocidade hoxe: non se implica politicamente de xeito activo.
- * Hai certo nacionalismo na sociedade, ou sentimento de pertenza a un pobo diferenciado, até o punto de que o propio PP ten que ir de "galeguista".
- * O PSOE, na Galiza, é máis español que o PP.
- * Ideoloxicamente, perde Galiza como marco de referencia, e gañan as posicións simplemente anti-PP.
- * En Marea, espectáculo en Madrid. Non son útiles para Galiza.
- * A xente non é parva. Pode estar condicionada, mais non é tonta. O PP si ten un grande traballo social, e sabe como falar coa xente, mellor que nós.
- * A xente nova non diferencia entre BNG, AGE, CxG,... só coñece a Beiras.
- * O PP utiliza o medo.
- * A xente vota, sobre todo nas eleccións xerais, a quen pensa que pode gobernar en Madrid.
- * Máis que en ideoloxía, a xente pensa no concreto, no día a día, nas facturas... e vota a quen pensa que pode resolver o inmediato.
- * Podemos é como o PSOE en 1982.

Estratexia política do nacionalismo galego

- * O BNG debe manterse como organización e coas súas siglas.
- * Estudiar, nas eleccións xerais, algún tipo de acordo con Podemos/En Marea, sempre mantendo as siglas do BNG e garantindo deputad@s.
- * Podemos/En Marea no son nacionalistas. Non podemos ir xuntos ás eleccións porque significaría a desaparición do nacionalismo.
- * É mellor non ter enfrontamentos coas mareas. Hai unha parte nacionalista, ex-BNG, que se somos hábiles pode volver.
- * Podemos é un fenómeno para diluír o nacionalismo.
- * Cómpre recuperar o discurso claro do BNG, sen complexos.
- * Pór en valor o traballo do BNG onde goberna: faino moi ben, mellor que ninguén.
- * Hai que reforzar o discurso social, máis de esquerdas.
- * Falta de liderazgo no BNG nos últimos anos. Fainos falta referentes públicos con carisma.
- * Ana Pontón vale como Portavoz Nacional, mais hai que a promocionar máis.
- * Menos ollar para nós, menos introspectiva, e máis traballo político e social para fóra.
- * O BNG mellorou e activouse nas redes sociais. Aí vai por bo camiño.
- * Os medios de comunicación son un problema para o BNG, mais tampouco somos quen de aproveitar as oportunidades.
- * Temos que amosar unha imaxe máis xuvenil e moderna.
- * É moi importante o traballo social, coa xente, e persistente: en Viana conseguiu a alcaldía despois dun proceso longo, e de moito traballo.
- * O traballo social, o máis importante. Máis que no Parlamento, ou en notas de prensa, que logo non saen.
- * Fronte á estigmatización do nacionalismo, que a hai, cómpre reaxir con

PROPOSTAS PARA O DEBATE

normalidade e amabilidade.

- * Cómpre diferenciar: Rural, onde é máis posíbel o contacto social directo; urbano, onde xogan máis os medios, e nos debemos adaptar máis, sempre sen renunciar aos noso principios.
- * A política cultural, esencial para o BNG e tamén nos concellos en que goberna.
- * Explorar posibilidades de unidade nacionalista, mais non coas mareas. Podemos vai barrer aos que son nacionalistas nas mareas.
- * Foi un erro ir como Nós-Candidatura Galega, renunciando ás siglas BNG.
- * O BNG ten unha boa imaxe: xente honesta e loitadora, mais non pode contra o "voto útil".

Participación política e modelo organizativo

- * Hai que mellorar a comunicación interna: militancia e base social nacionalista.
- * Debate importante: partido/frente. Pros e contras en cada caso.
- * O BNG é a organización máis democrática, mais tamén é certo que tanta asemblea pode cansar....
- * O BNG ten que ter unha dirección política seria, e que tome decisións.